

CEIP SAN MARCOS - GRUPO 1

CONTIDOS RECOMENDADOS PARA REPASAR

1º de E.P.:

<https://juegosinfantiles.bosquedefantasias.com/>

<https://www.rtve.es/educlan/6-8-anos/>

Matemáticas

(<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcoscartelle/system/files/MATEMATICAS%20BASICAS%202020-%20DYLAR%20%281%29.pdf>):

- Repasar os números anteriores e posteriores ata o 100, tanto o número como o seu nome.
- Identificar as equivalencias do sistema decimal: unidades e decenas (exemplo: 24 - 2 decenas + 4 unidades - $20 + 4$).
- Nomear o número anterior e posterior ata o 99.
- Calcular sumas e restas.
- Coñecer os números ordinaarios do 1 ao 10.
- Resolver problemas sinxelos.
- Ler reloxos analóxicos e dixitais identificando as horas.
- Recoñecer o valor das moedas e billetes do sistema europeo, o euro, así como a súa equivalencia (exemplo: billete de cinco euros - 5 moedas dun €).
- Nomear correctamente as diversas figuras xeométricas.

Lengua Castellana e Lingua Galega

(https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcoscartelle/system/files/expresion_escrita.pdf):

- Ler en voz alta diferentes textos adaptados a súa idade, como fonte de información e de lecer, cultivando o gusto pola lectura.
- Ler e comprender textos sinxelos, respondendo a preguntas sobre os mesmos (material entregado en fotocopias).

- Realizar ditados cuidando a caligrafía e a ortografía, copiando correctamente 5 veces cada palabra mal escrita. Engadir un debuxo que ilustre o ditado.
- Coñecer e diferenciar textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (narrativos, dialogados...)
- Empregar a expresión escrita, mediante a elaboración dun diario, como unha canle de comunicación e como un medio de plasmar como nos sentimos. Acompañar de debuxos, fotografías, recortes...
- Expresarse oralmente cuidando a linguaxe verbal e non verbal.

Seguir copiando os recadros amarelos do libro no caderno acompañándoos de debuxos que nos axuden a entender a información, para repasar:

- Comprender o uso correcto das maiúsculas.
- Utilizar correctamente os signos de puntuación.

C. Naturais:

Seguir copiando os recadros amarelos do libro no caderno acompañándoos de debuxos que nos axuden a entender a información, para repasar:

- Recoñecer as partes do corpo do ser humano.
- Identificar e verbalizar emocións propias e alleas, expresándoas coa cara.
- Coñecer os hábitos que inflúen nunha vida saudable (alimentación variada e equilibrada, hixiene persoal, exercicio físico...)

C. Sociais:

Repasade os debuxiños que fixemos na libreta e a última páxina de cada unidade traballada.

2º de E.P:

<https://juegosinfantiles.bosquedefantasias.com/>

<https://www.rtve.es/educlan/6-8-anos/>

Matemáticas

(<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcoscartelle/system/files/MATEMATICAS%20BASICAS%205%20-%20DYLAR%20%281%29.pdf>):

- Repasar os números anteriores e posteriores, tanto o número como o seu nome.
- Identificar as equivalencias do sistema decimal: unidades, decenas e centenas.
- Ordenar os números dunha serie de maior a menor e viceversa.
- Calcular sumas e restas con levadas.
- Coñecer os números ordinaarios do 1 ao 20.
- Identificar o número anterior e posterior ata o 999.
- Diferenciar os números pares e os impares, así como crear series con cada un deles (1, 3, 5, 7, 9...)
- Resolver problemas sinxelos empregando as operacións traballadas e comprendendo o proceso.
- Operar e resolver problemas con euros e situacións da vida cotiá.

Lengua Castellana e Lingua Galega

(https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcoscartelle/system/files/expresion_escrita.pdf):

- Ler en voz alta diferentes textos adaptados a súa idade, como fonte de información e de lecer, cultivando o gusto pola lectura.
- Ler e comprender textos sinxelos, respondendo a preguntas sobre os mesmos (material entregado en fotocopias).
- Realizar ditados coidando a caligrafía e a ortografía, copiando correctamente 5 veces cada palabra mal escrita. Engadir un debuxo que illustre o ditado.
- Coñecer e diferenciar textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (narrativos, dialogados...)
- Empregar a expresión escrita, mediante a elaboración dun diario, como unha canle de comunicación e como un medio de plasmar como nos sentimos, coidando a ortografía, a caligrafía así como a coherencia e cohesión. Acompañar de debuxos, fotografías, recortes...
- Expresarse oralmente coidando a linguaxe verbal e non verbal.

Seguir copiando os recadros amarelos do libro no caderno acompañándoos de debuxos que nos axuden a entender a información, para repasar:

- Coñecer palabras sinónimas e antónimas sinxelas.
- Recoñecer nomes individuais e colectivos.
- Diferenciar o suxeito e o predicado en oracións sinxelas.

C. Naturais:

Seguir copiando os recadros amarelos do libro no caderno acompañándoos de debuxos que nos axuden a entender a información, para repasar:

- Identificar as partes do corpo e colocar no lugar correspondente o nome de ósos e músculos.
- Recoñecer o aparato respiratorio, as súas partes e a súa función.
- Comprender a importancia dunha alimentación variada, e clasificalos (legumes, froitas e verduras...).
- Coñecer e clasificar os animais por familias, recoñecendo as características de cada unha delas.

C. Sociais:

Repasade os debuxiños que fixemos na libreta e a última páxina de cada unidade traballada.

Música:

A música é un recurso que nos axuda a pasalo ben, unha fonte inesgotable de enerxía, vitalidade e ledicia, serve para relacionarnos doutros modos, empregando os nosos corpos, é un idioma universal así como unha canle de escape naqueles momentos en que non nos sentimos ben.

Durante estes días desexo que experimentedes a través de bailar, crear coreografías, de cantar e escribir letras de cancións ou melodías, e xogar cos sons, como descubrir unha batería cun garfo e unha botella de plástico, probade como soa todo canto tendes preto, sorprendere desvos!

Podedes enviarnos as vosas creacións musicais, vídeos movendo o esqueleto ou cantando, podemos seguir aprendendo e divertíndonos coma sempre grazas a música mediante a distancia.

1º e 2º de E.P:

- Repasar a coreografía do carnaval da guitarra (vídeo dispoñible na web).
- Xogar a identificar as notas (<https://www.musicaeduca.es/recursos-aula/juegos/3-musimpiadas>).
- Audición sobre a primavera de Vivaldi, facendo un debuxo daquelo que nos fai sentir.

- Karaoke de cantigas que vos gusten en youtube.

- Just Dance Now dispoñible en youtube, daquelas cantigas que vos gusten (por exemplo: <https://www.youtube.com/watch?v=SeqLZzsJLVM>).

Educación Plástica:

A fin de potenciar a vosa creatividade, e empregando os materiais dos que dispoñades poderedes crear os vosos propios deseños e facérmolos chegar a través do correo que figura na páxina web ou do instagram.

Nembargante, seguirei realizando publicacións de manualidades sinxelas con materiais que penso que podedes ter a vosa disposición para que poidades inspirarvos.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcoscartelle/node/407>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcoscartelle/node/432>

Agardo as vosas propostas, artistas!

Inglés 1º e 2º E.P.

Mirade estes vídeos para repasar o que fixemos na clase:

Greetings: <https://www.youtube.com/watch?v=gghDRJVxFxU>

Days of the week: <https://www.youtube.com/watch?v=36n93jvikDs>

Weather: <https://www.youtube.com/watch?v=XcW9Ct000yY>

Seasons: <https://www.youtube.com/watch?v=TBLFMXU8FLI>

School supplies: <https://www.youtube.com/watch?v=AS5nhKzaOqo>

Colors: <https://www.youtube.com/watch?v=zOHZNaM7gTg>

Numbers: <https://www.youtube.com/watch?v=Aq4UAss33qA>

Food: <https://www.youtube.com/watch?v=frN3nvhIHUk>

Clothes: https://www.youtube.com/watch?v=-jBfb33_KHU

Parts of the body: <https://www.youtube.com/watch?v=SVt8qOEkBms&t=154s>

E unos debuxiños tamén:

<https://www.youtube.com/watch?v=Z45RyKzb66g&t=3s>

Tendes máis enlaces con xogos e cancións na páxina do cole!!